

**O claustro de profesores e profesoras da E.O.I. ....  
adoptou na reunión celebrada o .....  
a seguinte resolución:**

**Declarar persoas non gratas o Conselleiro de Educación, D. Jesús Vázquez, e o Director Xeral de Educación, D. José Luís Mira Lema, por vulnerar o procedemento da negociación da circular e polas acusacións difundidas respecto do traballo desenvolvido polo profesorado das EEOOI, mentindo e difamando sobre o noso cumprimento do deber como funcionarios e funcionarias.**

O Profesorado das EEOOI, en contra do declarado polo Director Xeral de Educación (“Xosé Luis Mira Lema, recalcou hoxe que o profesorado das Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) debe impartir 18 horas de clase á semana”) viña cumprindo o seu horario de traballo con axuste ao recollido na normativa vixente por isto non podemos aceptar que se diga que non era así, e que se declare que se estaba “a incumprir sistemáticamente a legalidade vixente” pois é rotundamente falso.

É tendencioso que unha situación concreta que afecta a algunhas escolas e ten a debida xustificación administrativa polo volume de alumnado (entre 4500 e 7000 alumnos e alumnas) e o número de seccións que hai que xestionar, se convirta nunha afirmación de carácter xeral, dando a entender que as directoras e os directores das escolas non imparten docencia na súa maioría: (“nalgunhas escolas os directores non imparten nin unha soa hora de clase”). Esta situación soamente se producía nalgunhas escolas e foi debidamente autorizada pola Inspección educativa, é dicir, contaba co coñecemento e aprobación da Consellaría.

Que a Administración afirme que “Con esta reordenación, a Consellería non fai máis que garantir o cumprimento da legalidade, tal e como é responsabilidade ineludible da Administración Pública” ou que “los 486 profesores de las EOIs gallego impartieron 6.673 horas de lectivas durante el curso pasado, 1.105 menos de las previstas por la normativa vigente en ese mismo periodo” é procurar o descrédito dos profesionais das Escolas con argumentos comprobablemente falsos, como ben saben os responsábeis da Consellaría, aínda que non queiran admitilo, e como ten comprobado a inspección. As EEOOI veñen cumprindo escrupulosamente o marcado na norma vixente até xullo, a circular 10/2004, por certo negociada na Mesa Sectorial sendo Conselleiro de Educación Celso Currás, e presidente da Xunta Manuel Fraga Iribarne.

A Consellaría declara que “cada Escola disporá do persoal docente necesario para cubrir as súas necesidades lectivas. Aqueles profesores que queden sen grupo como resultado da reordenación dos recursos encargaranse da nova oferta formativa en idiomas que vai poñer en marcha a Consellería” mais neste momento o que está a suceder coa imposición da súa circular é que varias Escolas contan con menos profesorado do que tiñan e isto conleva que determinados idiomas teñan que ser impartidos como materia afín por profesorado non especialista, así é como se está reordenando o profesorado.

A Consellaría di que a nova circular pretende a “optimización de recursos” e que “redundará no beneficio do alumnado, que verá incrementada a oferta de grupos nas franxas horarias máis demandadas, ao poder dispoñer de máis profesores”, mais isto non é certo, pois non se disporá de máis profesores e, como sucede ano tras ano, seguirán sendo moi extensas as listaxes de demandantes de matrícula que non a poden efectivizar por falta de prazas nos horarios solicitados, e en contra do declarado por Mira Lema ("No tiene justificación que queden alumnos fuera cuando tenemos profesores sin atender") esta situación non se produce porque o profesorado non cumpre o seu horario como insiste en declarar.

Por outro lado, non podemos aceptar que se descualifiquen as mobilizacións en que estamos a participar, “algúns sindicatos e cargos directivos das EOIs utilicen o ensino de idiomas -e a Educación en última instancia- como arma política”. As mobilizacións convocadas e apoiadas polo profesorado das EEOOI teñen única e exclusivamente como obxectivo a demanda do mantemento da calidade do ensino na aprendizaxe de idiomas e das condicións laborais das traballadoras e traballadores.

O Claustro de profesoras e profesores acorda enviar estas resolucións ao Conselleiro de Educación, ao Director Xeral e facelas públicas.

..... a ..... de ..... de 2009

**SR. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN**  
**SR. DIRECTO XERAL DE EDUCACIÓN**

(Fax nº: 981 54 65 50)

**O Consello Escolar da E.O.I. ....**  
**adoptou na reunión celebrada o .....**  
**a seguinte resolución:**

**Declarar persoas non gratas o Conselleiro de Educación, D. Jesús Vázquez, e o Director Xeral de Educación, D. José Luís Mira Lema, por vulnerar o procedemento da negociación da circular e polas acusacións difundidas respecto do traballo desenvolvido polo profesorado das EEOOI, mentindo e difamando sobre o noso cumprimento do deber como funcionarios e funcionarias.**

O Profesorado das EEOOI, en contra do declarado polo Director Xeral de Educación (“Xosé Luis Mira Lema, recalcou hoxe que o profesorado das Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) debe impartir 18 horas de clase á semana”) viña cumprindo o seu horario de traballo con axuste ao recollido na normativa vixente por isto non podemos aceptar que se diga que non era así, e que se declare que se estaba “a incumprir sistemáticamente a legalidade vixente” pois é rotundamente falso.

É tendencioso que unha situación concreta que afecta a algunhas escolas e ten a debida xustificación administrativa polo volume de alumnado (entre 4500 e 7000 alumnos e alumnas) e o número de seccións que hai que xestionar, se convirta nunha afirmación de carácter xeral, dando a entender que as directoras e os directores das escolas non imparten docencia na súa maioría: (“nalgunhas escolas os directores non imparten nin unha soa hora de clase”). Esta situación soamente se producía nalgunhas escolas e foi debidamente autorizada pola Inspección educativa, é dicir, contaba co coñecemento e aprobación da Consellaría.

Que a Administración afirme que “Con esta reordenación, a Consellería non fai máis que garantir o cumprimento da legalidade, tal e como é responsabilidade ineludible da Administración Pública” ou que “los 486 profesores de las EOIs gallego impartieron 6.673 horas de lectivas durante el curso pasado, 1.105 menos de las previstas por la normativa vigente en ese mismo periodo” é procurar o descrédito dos profesionais das Escolas con argumentos comprobablemente falsos, como ben saben os responsábeis da Consellaría, aínda que non queiran admitilo, e como ten comprobado a inspección. As EEOOI veñen cumprindo escrupulosamente o marcado na norma vixente até xullo, a circular 10/2004, por certo negociada na Mesa Sectorial sendo Conselleiro de Educación Celso Currás, e presidente da Xunta Manuel Fraga Iribarne.

A Consellaría declara que “cada Escola disporá do persoal docente necesario para cubrir as súas necesidades lectivas. Aqueles profesores que queden sen grupo como resultado da reordenación dos recursos encargaranse da nova oferta formativa en idiomas que vai poñer en marcha a Consellería” mais neste momento o que está a suceder coa imposición da súa circular é que varias Escolas contan con menos profesorado do que tiñan e isto conleva que determinados idiomas teñan que ser impartidos como materia afín por profesorado non especialista, así é como se está reordenando o profesorado.

A Consellaría di que a nova circular pretende a “optimización de recursos” e que “redundará no beneficio do alumnado, que verá incrementada a oferta de grupos nas franxas horarias máis demandadas, ao poder dispoñer de máis profesores”, mais isto non é certo, pois non se disporá de máis profesores e, como sucede ano tras ano, seguirán sendo moi extensas as listaxes de demandantes de matrícula que non a poden efectivizar por falta de prazas nos horarios solicitados, e en contra do declarado por Mira Lema ("No tiene justificación que queden alumnos fuera cuando tenemos profesores sin atender") esta situación non se produce porque o profesorado non cumpre o seu horario como insiste en declarar.

Por outro lado, non podemos aceptar que se descualifiquen as mobilizacións en que estamos a participar, “algúns sindicatos e cargos directivos das EOIs utilicen o ensino de idiomas -e a Educación en última instancia- como arma política”. As mobilizacións convocadas e apoiadas polo profesorado das EEOOI teñen única e exclusivamente como obxectivo a demanda do mantemento da calidade do ensino na aprendizaxe de idiomas e das condicións laborais das traballadoras e traballadores.

O Consello escolar acorda enviar estas resolucións ao Conselleiro de Educación, ao Director Xeral e facelas públicas.

..... a ..... de ..... de 2009

**SR. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN**  
**SR. DIRECTO XERAL DE EDUCACIÓN**

(Fax nº: 981 54 65 50)